

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Agosto 2011

NOTA DE PRENSA

En agosto de 2011 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 7,3% e os dos bens importados un 8%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 7,3% en agosto de 2011 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 8%.

No que vai de ano (ata agosto), os prezos dos bens exportados medraron un 7,4% e os dos bens importados un 8,4%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios e de consumo foi do 13,5% e 4,2%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 8,9%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios medraron un 14,5%. Pola súa banda, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 4% e o dos bens de equipo un 4,1%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2011

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	7,3	7,4	ÍNDICE XERAL	8,0	8,4
Bens de consumo	4,2	10,2	Bens de consumo	-4,0	2,5
Bens de equipo	-8,9	3,9	Bens de equipo	-4,1	-6,7
Bens intermedios	13,5	5,0	Bens intermedios	14,5	10,7

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 10,7% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 11,5% para a UE-25 e do 9,6% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE o incremento foi do 0,6%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 10,8% e os procedentes do resto de países un 4,9%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2011

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	10,7	9,4	UEM	3,4	3,2
UE-25	11,5	8,3	UE-25	7,7	1,1
OCDE	9,6	7,6	OCDE	10,8	5,8
Resto de países	0,6	6,2	Resto de países	4,9	13,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en twitter : http://twitter.com#!/IGE_Estadistica

Síguenos en Facebook:

<http://www.facebook.com/pages/Instituto-Galego-de-Estat%C3%ADstica/288505021166027?sk=wall>